



A Responsabilidade Social Empresarial nas Empresas TIC de Galicia

Edición 2022



AXENCIA PARA A
MODERNIZACIÓN
TECNOLÓXICA DE GALICIA

Edita: Xunta de Galicia

Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega)

Lugar: Santiago de Compostela

Ano: 2023

Creative Commons Atribución – Compartir Igual 4.0 Internacional (CC BY-SA 4.0)

Dispoñible en: <https://creativecommons.org/licenses/by-sa/4.0/deed.gl>

Índice de Contidos

- | | |
|--|---------|
| 1. RSE no sector TIC de Galicia | Páx. 4 |
| 2. Medidas de RSE que se aplican no sector TIC | Páx. 13 |
| 3. Conclusións | Páx. 20 |
| 4. Metodoloxía | Páx. 22 |

1. RSE no sector TIC de Galicia




Coñecemento da Responsabilidade Social Empresarial



Incrementábase a porcentaxe de empresas TIC de Galicia que coñecen o significado da RSE acadando un **66,7%**, cun crecemento do 14,4% respecto ao ano 2020 e acadando o dato máis alto da serie histórica.

Evolución do nivel de coñecemento da RSE

Coñece que é a Responsabilidade Social Empresarial?*



Fonte: Enquisa ás Empresas TIC de Galicia. Ed. 2014, 2016, 2018, 2020 e 2022. OSIMGA
Base: empresas TIC de Galicia

No ano 2022, o **66,7%** das empresas TIC galegas coñecen que significa a Responsabilidade Social Empresarial RSE




Nota metodolóxica: ata 2018, o "Si" agrega as categorías "Si, sei o que significa" e "Si, intúo o que significa". En 2020 e 2022 eliminouse ese matiz subxectivo no cuestionario e as categorías de resposta son unicamente "Si" e "Non"

Coñecemento da Responsabilidade Social Empresarial



O coñecemento do significado da RSE supera o 48% en todos os subsectores TIC galegos. Ademais, superan o 71% de nivel de coñecemento nas empresas TIC do subsector das telecomunicacións e das actividades informáticas.

Coñecemento da RSE segundo o sector de actividade



Fonte: Enquisa ás Empresas TIC de Galicia, Ed. 2022. OSIMGA
Base: empresas TIC de Galicia



As empresas do sector das Telecomunicacións e no das actividades informáticas son nos que posúen un maior coñecemento da RSE


Coñecemento da Responsabilidade Social Empresarial



O número de empregados/as que teñen as empresas está en estreita relación co nivel de coñecemento da Responsabilidade Social Empresarial: canto maior é o número de empregados/as máis coñecemento hai.

Máis do 62% das empresas de 0 a 9 traballadores/as coñece que é a RSE, acadando o **93,9% no caso das empresas de 50 ou máis empregados/as**.

Coñecemento da RSE segundo o número de empregados/as



Fonte: Enquisa ás Empresas TIC de Galicia. Ed. 2022. OSIMGA
Base: empresas TIC de Galicia

As empresas de 50 ou máis empregados/as son as que posúen un maior grado de coñecemento da RSE




Coñecemento da Responsabilidade Social Empresarial



As empresas TIC con sede fóra de Galicia pero actividade na Comunidade Galega son as que teñen un maior coñecemento da Responsabilidade Social Empresarial. Das que contan con sede en Galicia destaca o nivel de coñecemento nas empresas afincadas nas provincias de Pontevedra e A Coruña, onde superan o 68%.



Coñecemento da RSE segundo a provincia




Máis do 68% das empresas TIC da provincia de Pontevedra e A Coruña coñecen a RSE.

Fonte: Enquisa ás Empresas TIC de Galicia. Ed. 2022. OSIMGA
Base: empresas TIC de Galicia

Definición da Responsabilidade Social Empresarial

Que é a RSE? Evolución 2018-2022

Indique se está de acordo ou non coas seguintes definicións



Fonte: Enquisa ás Empresas TIC de Galicia. Ed. 2018, 2020 e 2022. OSIMGA
Base: empresas TIC de Galicia que coñecen o termo RSE




Para as empresas TIC galegas, os conceptos máis relacionados coa RSE son **Compromiso ante a Sociedade**, a **Ética e Transparencia en xeral** e a **Responsabilidade cos traballadores/as**.



Definición da Responsabilidade Social Empresarial por sectores


Concepto de RSE segundo sector de actividade



Fonte: Enquisa ás Empresas TIC de Galicia. 2022. OSIMGA
Base: empresas TIC de Galicia que coñecen o termo RSE


Definición da Responsabilidade Social Empresarial por tamaño de empresa

Concepto de RSE segundo número de empregados/as



Definición da Responsabilidade Social Empresarial por sede da empresa

Concepto de RSE segundo a provincia



■ Con sede fóra de Galicia pero con actividade na Comunidade Galega ■ A Coruña ■ Lugo ■ Ourense ■ Pontevedra

Fonte: Enquisa ás Empresas TIC de Galicia. 2022. OSIMGA
Base: empresas TIC de Galicia que coñecen o termo RSE


2. Medidas de Responsabilidad Social empresarial que se aplican no sector TIC



Implantación da RSE no lugar de traballo

Medidas de RSE no sector TIC

Indique por favor se realiza ou ten previsto realizar algunhas destas actuacións



■ Faio actualmente ■ Previsto no futuro

Fonte: Enquisa ás Empresas TIC de Galicia. 2022. OSIMGA
Base: empresas TIC de Galicia


No ano 2022, as políticas de RSE implantadas en maior medida no sector TIC son as dedicadas á **“seguridade e hixiene no traballo” (66,1%)**, **“conciliación familiar” (62,1%)** e a **“formación e capacitación dos empregados/as” (53,5%)**.

En canto ao futuro, as que se prevé que máis crezan son **“medición de clima laboral” (27,6%)**, **“formación e capacitación de empregados” (26,5%)** e **“prestación e beneficios complementarios a empregados/as” (26,3%)**



Implantación da RSE no lugar de traballo

Evolución do nivel de actuación no lugar de traballo 2018-2022



Fonte: Enquisa ás Empresas TIC de Galicia. Ed. 2018, 2020 e 2022. OSIMGA
Base: empresas TIC de Galicia

A medida de RSE máis común no sector TIC é “políticas de seguridade e hixiene no traballo” (66,1%), como nas edicións anteriores.

Durante o 2022, medra a aplicación de case todas as medidas de RSE nas empresas TIC. O 53,5% das empresas TIC galegas ten implantadas políticas de formación fronte un 38,6% no 2020. As “políticas de conciliación laboral e familiar” tamén incrementaron a súa presenza nun 27,3% nas empresas TIC galegas ata o 62,1%.


Pero a medida que máis crece, cun 52,5% é a “prestación de beneficios e complementos a empregados/as”, acadando o 42,4%.




Implantación da RSE no lugar de traballo

Principais actuacións realizadas e previstas no lugar de traballo


Políticas de seguridade e hixiene no traballo



Políticas de conciliación laboral e familiar



Políticas de formación e capacitación dos empregados/as




■ Faino actualmente ■ Previsto no futuro ■ Non ten previsto

Fonte: Enquisa ás Empresas TIC de Galicia, 2022. OSIMGA
Base: empresas TIC de Galicia



Implantación da RSE no lugar de traballo

Implantación de Políticas de RSE no lugar de Traballo segundo sector de actividade




As empresas do sector das Telecomunicacións lideran o uso de numerosas medidas de implantación de políticas de RSE no traballo, noutras son superadas polas Actividades informáticas.

As manufactureiras TIC só lideran o apartado de aplicación de políticas de conciliación laboral e familiar.

Implantación da RSE no lugar de traballo


Implantación de Políticas de RSE no lugar de Traballo segundo número de empregados/as



O número de asalariados/as inflúe na integración de políticas de RSE na empresa, incrementándose a medida que aumenta o tamaño das empresas TIC.


Implantación da RSE no lugar de traballo

Implantación de Políticas de RSE no lugar de Traballo segundo provincia



As empresas TIC con sede fóra de Galicia e actividade na nosa Comunidade son as que máis a miúdo integran Medidas de RSE, seguidas das empresas situadas na Coruña, que destacan polas "políticas de seguridade e hixiene", "formación e capacitación" e "políticas de conciliación laboral e familiar".

3. Conclusiones



Conclusións



No 2022 continúa o crecemento de todas as accións relacionados coa RSE entre as empresas TIC galegas.

O coñecemento da Responsabilidade Social Empresarial entre as empresas TIC galegas incrementouse nun 14,4% dende o 2020, acadando o 66,7% no 2022.

As empresas do sector das Telecomunicacións e as dedicadas a Actividades Informáticas son as que dispoñen de maior coñecemento da RSE, e tamén son, en gran medida as que máis aplican as diferentes medidas no lugar do traballo.



Os termos cos que as empresas TIC máis asocian a RSE son o compromiso ante a sociedade, a ética ou transparencia empresarial e a responsabilidade cos traballadores/as.

Canto maior é a empresa TIC, por número de traballadores, maior é o coñecemento da RSE, maior é a implementación de políticas de RSE no lugar de traballo.

As políticas de RSE con maior presenza no lugar de traballo no sector TIC son as referidas á "seguridade e hixiene no traballo" co 66,1%.




Medran case todas as políticas de RSE nas empresas TIC galegas, especialmente as destinadas á formación e capacitación dos empregados/as. Na actualidade o 53,5% das empresas TIC galegas ten implantadas estas políticas fronte ao 38,6% no 2020.

Tamén destaca o crecemento respecto ao ano 2020 das "políticas de conciliación laboral e familiar", que incrementaron a súa presenza nun 27,3% nas empresas TIC.

A medida que máis crece, cun 52,5% é a "prestación de beneficios e complementos a empregados/as", acadando o 42,4% en 2022.

4. Metodología



Ficha Técnica da Enquisa

- ✓ **Ámbito territorial:** Galicia.
- ✓ **Universo:** sociedades e persoas físicas con actividade en Galicia, dedicadas a actividades relacionadas coas Tecnoloxías da Información e Comunicación agrupadas en 5 grupos (Manufactureiras, Comerciais TIC, Telecomunicacións, Actividades informáticas e Outros Servizos TIC)
- ✓ **Tipo de enquisa:** Entrevista autoadministrada vía web ou con remisión de cuestionario vía correo postal, apoiada telefonicamente ou persoalmente para a súa cobertura.
- ✓ **Tamaño da mostra:** 444 entrevistas a empresas dos sectores TIC descritos.
- ✓ **Afixación polietápica:** estratificada proporcional en primeira fase, en base ao volume de emprego e a actividade específica da empresa TIC; nunha segunda fase selección aleatoria da unidade mostral dentro de cada un dos estratos definidos.
- ✓ **Erro mostral:** cun nivel de confianza do 95,5% (2 sigmas) e $p=q=0,5$ como caso máis desfavorable, a marxe de erro mostral para o conxunto da mostra é de $\pm 4,3\%$.
- ✓ **Traballo de campo:** do 2 de maio ao 29 de xuño de 2022.

Fontes de Información



Enquisas realizadas polo OSIMGA.



AXENCIA PARA A
MODERNIZACIÓN
TECNOLÓXICA DE GALICIA



OBSERVATORIO
DA SOCIEDADE DA INFORMACIÓN
E A MODERNIZACIÓN DE GALICIA

Máis información: www.osimga.gal